

**Expediente núm.: 2020/C004/000008**

**Memoria Xustificativa**

**Procedemento:** Contrato mixto de servizos e subministro, procedemento aberto simplificado urgente

**Documento asinado por:** Xerencia

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### 1. Introducción

O Consorcio As Mariñas ten encomendada, como fórmula de colaboración supramunicipal, a realización de actividades ou prestación de servizos no ámbito das súas competencias, para unha xestión eficaz dos proxectos comúns.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda convocou axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal cuxas bases están publicadas no Diario Oficial de Galicia núm. 92 do 13 de maio de 2020. Á vista desta convocatoria foron elaboradas as Memorias correspondentes aos programas solicitados.

Por Resolución da Presidencia de 12/06/2020 acordouse a presentación da solicitude de axuda para o financiamento dun ESPAZO DE INTERCAMBIO DE OBXECTOS E UTENSILIOS EN PUNTOS LIMPOS DO CONSORCIO AS MARIÑAS.

### 2. Descrición da situación actual

No momento actual o Consorcio As Mariñas pon a disposición da cidadanía dos oito concellos que o integran (Abegondo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada) un punto limpo en cada un dos concellos que permite o depósito daqueles residuos que, polas súas características, precisan dunha xestión específica polo seu tamaño, volume ou composición, facilitando así a recollida selectiva. Na actualidade os residuos depositados teñen como único destino a reciclaxe permitíndose, coa posta en marcha do proxecto proposto, a reutilización de determinados obxectos depositados, orientando o servizo cara unha xestión eficiente dos recursos e dos residuos. Implementar un servizo de reutilización de obxectos e utensilios nos puntos limpos do Consorcio As Mariñas permitiría dar unha nova vida a elementos que non se utilizan.

Na actualidade o servizo na rede de puntos limpos préstase a través da empresa FERROVIAL, SL mediante un contrato administrativo de prestación de servizo.

### 3. Obxecto do contrato

Posta en marcha dun ESPAZO DE INTERCAMBIO DE OBXECTOS E UTENSILIOS EN PUNTOS LIMPOS DO CONSORCIO AS MARIÑAS.

### 4. Análise Técnica

#### a. Consideracións técnicas e requirimentos

Os puntos limpos de Bergondo, Betanzos, Culleredo, Oleiros e Sada acollerían a instalación, con función de caseta, dun container de tipo marítimo en cada un, habilitado no seu interior con estantes de todo tipo para o depósito del obxectos e utensilios deixados pola cidadanía. Estas casetas terán unha pechadura de seguridade para evitar roubos ou subtraccións e o persoal do punto limpo será o encargado da súa custodia.

A elección destes 5 puntos limpos ven determinada por ser os que dispoñen de máis superficie útil e unha accesibilidade estratéxica para o conxunto dos oitos concellos que integran o Consorcio As Mariñas (Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada).

Paralelamente desenvolverase unha aplicación web con acceso dende terminal móbil con toda a información deste proxecto e no que estará o catálogo actualizado dos obxectos que se atopan a disposición en cada punto limpo. Dende esa aplicación poderase realizar a reserva dun obxecto, subir un obxecto que se leve ao punto limpo, consultar o estado de cada usuario e toda a operatividade posible a nivel usuario. O persoal do punto limpo

disporá dun acceso móbil a esta aplicación para a recepción, validación ou entrega dos obxectos. O departamento de Medioambiente do Consorcio As Mariñas terá o acceso, seguimento e control desta aplicación web do proxecto.

### **Residuos a depositar:**

-Fogar: mobles pequenos, vaixela, menaxe, decoración, carriños ou sillas de bebé utensilios de cociña ou fogar, ferramentas, bricolaxe, xardinería, etc.

-Deportes e ocio: xogos, xoguetes, instrumentos musicais, libros, revistas ou cómics, música e videoxogos, cine, material deportivo, etc.

Non se admitirán aparellos eléctricos ou electrónicos.

Non se admitirán obxectos voluminosos como sofás, somieres, colchóns, mobles grandes, etc.

Entenderase como unidade un único obxecto ou grupo de obxectos que a conformen (unha vaixela, unha colección de libros, etc.)

### **Operativa**

O xeito de intercambio basearase nun sistema de puntos, sen custe algún para a persoa que o utilice. Unha vez formalizado o rexistro na aplicación informática, a persoa obterá puntos ben por rexistro na web, por entrega de obxecto e/ou por retirada de obxecto, que poderá canxear por utensilios e obxectos. Dependendo da categoría do obxecto a depositar (fogar e deporte e ocio) establecerase unha baremación por puntos ou créditos para ser subidos ao catálogo de dispoñibles.

A persoa interesada disporá dun prazo de 7 días naturais para recoller o obxecto reservado e, no caso de non retiralo, será penalizado coa resta de puntos. Haberá unha limitación de unidades depositadas, reservadas e retiradas ao mes por usuario.

O persoal do punto limpo será o encargado de levar a cabo a operativa coa cidadanía deste espazo de intercambio, así como de validar ou entregar o material co seu acceso móbil á aplicación. O horario de funcionamento será o mesmo que o dos Puntos Limpos.

## **5. Análise Económica**

### **a. Estudo de mercado**

O subministros e servizos, axustados aos requerimentos técnicos que se esixan, consistirán:

1.- Subministro e colocación nos puntos limpos de Bergondo, Betanzos, Culleredo, Oleiros e Sada de 5 casetas (unha en cada punto limpo) tipo container marítimo con pechadura de seguridade e estantes interiores para función de almacén coas seguintes características:

- Contedor de tipo marítimo de 20 pes
- Dimensións externas aproximadas (LxAxH) 6,1 x 2,4 x 2,6 m.
- Fabricación en aceiro corten de alta resistencia a la corrosión, sen fiestras e con reixa de ventilación.
- Soleira interior de madeira hidrófuga ou aceiro.
- Sistema de peche de seguridade, como mínimo con barra de peche na folla principal, se ademais dispón de folla fixa disporá de ferrollos interiores.
- Seguros antidesmonte incorporados en portas e protección antiroubo para a pechadura da porta.
- Sistema de estantes interiores para o almacenamento de materiais.
- As características básicas deberán ser especificadas por cada licitador, indicándose o detalle completo do contedor, dimensións, materiais, detalles a considerar, e canta documentación técnica adicional considere de interese.

- Serigrafía exterior e interior.

#### 2.- Deseño de contidos e desenvolvemento da Aplicación web.

- Disporase dunha aplicación Web exclusiva do proxecto na que constará toda a información e sistemática do mesmo, así como ubicación dos Puntos Limpos integrantes, o catálogo actualizado dos obxectos depositados, e a posibilidade de alta / baixa / consulta do usuario participante neste proxecto.
- Entregaranse puntos canxeables por obxectos por alta como usuario na web e por cada entrega de obxecto a reutilizar. A dedución de puntos ven dada por retirada de material, por sanción e por mala praxis.
- Os usuarios interesados poderán consultar a través da Web exclusiva do proxecto os obxectos dispoñibles, co seu valor en puntos, e poderá reservar o que sexa do seu interese para nun prazo non superior a 7 días pasar polo Punto Limpo acordado a retiralo.
- O horario de apertura deste servizo presencial será o mesmo que o dos Puntos Limpos, luns a venres mañá e tarde, e sábados de mañá. As altas, reservas ou subidas de obxectos polos usuarios poderase facer as 24 horas na web do proxecto.
- O traballador do Punto Limpo será o responsable de facer a entrega ou recollida do obxecto que o usuario desexe, así como da custodia do acceso á caseta con función de espazo de intercambio. A coordinación e seguimento do proxecto levarase a cabo dende o Departamento de Medioambiente do Consorcio As Mariñas.

#### 3.- Equipos informáticos para os Puntos Limpos con conexión 4G.

O persoal do Punto Limpo será o responsable de facer entrega ou recollida do obxecto que o usuario desexe, así como a custodia do acceso á caseta con función de espazo de intercambio. Para tla fin disporán dun dispositivo electrónico tipo tablet con conexión 4G no que quedarán rexistradas as solicitudes e movementos que se produzan relacionados co intercambio. A coordinación e seguimento do proxecto levarase a cabo dende o departamento de Medioambiente do Consorcio As Mariñas.

#### 4.- Aloxamento web, cota 4G, dominio .com .es

#### 5.- Campaña de comunicación do proxecto.

Desenvolverase unha campaña de comunicación para dar a coñecer o presente proxecto, para fomentar a sensibilización, concienciación e a utilización deste servizo por parte da cidadanía. Esta campaña terá unha duración de 6 meses, e se acordarán diferentes actividades a realizar tanto nos puntos limpos, acompañando ao punto limpo móbil e en lugares de interese municipais que se acorde cos Concellos. O orzamento para dita campaña incluíndo as tarefas de contacto, visitas, material, desprazamentos e gastos diversos é de 5.000 euros.

A comunicación apoiarase dende o propio Consorcio As Mariñas, con notas de prensa anunciando a posta en marcha do espazo de intercambio, subindo na páxina web e redes sociais do Consorcio información e o link do novo servizo, e tamén coa difusión da noticia en intervencións na radio.

#### **b. Valor Estimado**

O valor estimado para é de 49.891,00 € (39.413,89 € de principal é 10.477,11 € correspondente a impostos), según a seguinte distribución:

Orzamento base IVE excluído:	Tipo de IVE aplicable:	Orzamento base IVE incluído:
Lote 1. 14.000 €	2.940 €	16.940 €
Lote 2. 1.500 €	315 €	1.815 €

Lote 3.	21.600 €	4.536 €	26.136 €
Lote 4.	4.132,23 €	867,77 €	5.000 €

### c. Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira

Vista a incidencia de calquera tipo de contratación sobre os gastos e ingresos da entidade, é esencial, en cumprimento dos disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a valoración da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira da mesma.

O principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade de financiamento dos compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, engloba tanto a débeda financeira, como a débeda comercial.

En canto á débeda financeira, non resulta necesario formalizar unha operación de crédito para financiar a contratación referida; cumprindo a mesma o principio de prudencia financeira. O Consorcio non ten deuda viva.

Nos compromisos de gasto xerados por esta contratación faranse cumprimento o período medio de pago a provedores e as disposicións previstas no Plan de Tesouraría da entidade.

O principio de estabilidade orzamentaria, entendido como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos orzamentarios SEC-10, é a diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos.

A este respecto debe indicarse que o gasto previsto atópase recollido no orzamento inicial ou na modificación orzamentaria tramitada ao efecto, e que por tanto, cumpre o principio de estabilidade orzamentaria.

Igualmente é esencial para garantir o correcto estudo da sustentabilidade financeira do contrato, que ditas repercusións e efectos económicos atópanse supeditados ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

## 6. Análise do Procedemento

### a. Xustificación do procedemento

En base ás necesidades descritas e ao obxecto do contrato, o procedemento máis axeitado para levar a cabo a licitación é que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

### b. Cualificación do contrato

Trátase dun contrato administrativo mixto de servizos de subministrados.

### c. Análise de execución por lotes

Procede a división en lotes do contrato dado o principio de unidade de execución das prestacións obxecto do contrato e considerando a optimización e a coordinación da execución.

Lote	Descrición
------	------------

1	Subministro de 5 casetas tipo container marítimo con pechadura de seguridade e estantes interiores para función de almacén.
2	Subministro de 5 equipos informáticos tipo tablet para os puntos limpos con conexión 4G.
3	Deseño de contidos e desenvolvemento da aplicación web, aloxamento web, cota 4G, dominio .com e .es.
4	Campaña de comunicación do proxecto

#### d. Duración

A duración do contrato contarase a partir do día seguinte ao da formalización do contrato ou desde a data fixada no documento contractual.

<b>ANUALIDADE 2020</b>						
<b>Descrición</b>	<b>Lote</b>	<b>Unds</b>	<b>Custe Unitario</b>	<b>Subtotal</b>	<b>IVE</b>	<b>Custe Total</b>
Caseta tipo container marítimo con pechadura de seguridade e estantes interiores para función de almacén.	1	5	2.800 €	14.000 €	2.940 €	16.940 €
Deseño de contidos e desenvolvemento da Aplicación web.	3	1	20.500 €	20.500 €	4.305 €	24.805 €
Equipos informáticos para os Puntos Limpos con conexión 4G	2	5	300 €	1.500 €	315 €	1.815 €
Aloxamento web, cota 4G, dominio .com .es	3	1	1.100 €	1.100 €	231 €	1.331 €
Campaña de comunicación do proxecto	4	1	344,36	344,36	72,31 €	416,67 €
<b>IMPORTE IMPUTABLE ANUALIDADE 2020: 45.307,67 €</b>						

O prazo máximo para a execución dos lotes 1, 2, 3 e o importe sinalado no cuadro anterior do lote 4 é o 30/11/2020, segundo consta na orde, podendo ampliarse nun mes no caso de producirse modificación do sinalado na orde.

<b>ANUALIDADE 2021</b>						
<b>Descrición</b>	<b>Lote</b>	<b>Unds</b>	<b>Custe Unitario</b>	<b>Subtotal</b>	<b>IVE</b>	<b>Custe Total</b>
Campaña de comunicación do proxecto	4	11	3.787,87 €	3.787,87 €	795,46 €	4.583,33 €

O prazo máximo para a execución do lote 4 no importe máximo sinalado no cuadro anterior é o 30/11/2021  
O contrato non poderá prorrogarse

## 7. Conclusións

Posta en marcha dun ESPAZO DE INTERCAMBIO DE OBXECTOS E UTENSILIOS EN PUNTOS LIMPOS DO CONSORCIO AS MARIÑAS.

En Bergondo na data de sinatura dixital que consta neste documento.

Miguel Ángel Sandar Picado  
Xerente